

# II COPA RALLY MIX

PONTEVEDRA-ULLA-UMIA-SALNÉS

# 2023



## **1º - Organización**

As escuderías San Paio, Desguaces Tino Racing, Portas Motor e Cuntis Vila Termal organizan a 2ª edición da Copa RallyMix de Pontevedra Ulla – Umia - Salnés, que se levará a cabo nas catro citas da provincia de Pontevedra do Campionato Galego de RallyMix.

## **2º - Participantes**

Poderán participar tódolos pilotos que cumpran co Anexo I do Anuario da Federación Galega de Automobilismo do ano 2023 e participen nas probas puntuables.

## **3º - Vehículos admitidos**

A 2ª Copa RallyMix de Pontevedra Ulla – Umia - Salnés está reservada exclusivamente os vehículos da Agrupación 2 (menos 1600cc), agás aqueles que contén con caixa de cambios secuencial ou a crabots, e/ou modificacións no apartado mecánico tales como o uso de kit de admisión directa de papillóns.

## **4º - Verificacións**

En cada unha das probas puntuables para a 2ª Copa RallyMix de Pontevedra Ulla – Umia – Salnés, os vehículos admitidos terán que pasar unhas exhaustivas verificacións, que serán levadas a cabo por parte de:

- Manuel Montoto Orrea
- Laura Rivas Salgueiro

## **5º - Inscripcións**

Unha vez aceptada a inscrición na 2ª Copa RallyMix de Pontevedra Ulla – Umia – Salnés o participante estará oficialmente inscrito. Tódolos interesados en inscribirse na 2ª Copa RallyMix de Pontevedra Ulla – Umia – Salnés terán que facelo enviando a folla de inscrición en formulario “online” sita na [www.fga.es](http://www.fga.es)

### **6º - Probas**

Para a 2ª Copa RallyMix de Pontevedra Ulla – Umia – Salnés puntuarán as catro citas que se disputarán na provincia de Pontevedra no ano 2023 dentro do Campionato Galego de RallyMix.

<b>DATA</b>	<b>PROBA</b>	<b>ESCUDEÍA</b>
20-21/05/2023	2º RallyMix Sidra da Estrada	San Paio
22-23/07/2023	3º RallyMix Concello de Ribadumia	Desguaces Tino Racing
26-27/08/2023	3º RallyMix Concello de Portas	Portas Motor
23-24/09/2023	6º RallyMix Cuntis Vila Termal	Cuntis V. T

### **7º Premios**

O premio final de esta Copa entregarase na última cita puntuable para a Copa (6º RallyMix Cuntis Vila Termal).

O premio final e o seguinte:

1º Clasificado – Inscripcións gratuitas nas 4 probas anteriormente citadas (A Estrada, Ribadumia, Portas e Cuntis) para a tempada 2024, máis trofeo para piloto e copiloto

No caso de que en 2024 non se celebre algunha das catro probas, será o propio organizador dacordo co equipo vencedor o que decida otorgarlle a inscrición en outra proba do Campionato Galego de RallyMix.

O equipo vencedor ten a obriga de desfrutar do premio na tempada 2024, non sendo posible desfrutalo en outras tempadas, o mesmo tería que ser comunicado con escrito ao efecto, o Comité Organizador, e iste ser aceptado, ou ben, podería ceder o seu premio a calquer outro dos participantes da 2ª Copa RallyMix de Pontevedra Ulla – Umia – Salnés.

## **8º Puntuacións**

En cada unha das probas puntuables para a 2ª Copa RallyMix de Pontevedra Ulla – Umia – Salnés otorgaranse os seguintes puntos segundo o posto obtido por cada un dos equipos inscritos na copa.

1º clasificado – 25 puntos

2º clasificado – 20 puntos

3º clasificado – 18 puntos

4º clasificado – 15 puntos

5º clasificado – 12 puntos

6º clasificado – 10 puntos

7º clasificado – 7 puntos

8º clasificado – 5 puntos

9º clasificado – 3 puntos

10º clasificado – 1 punto

A clasificación final será establecida entre aqueles participantes que disputen as 4 citas que conforman a 2ª Copa RallyMix de Pontevedra Ulla – Umia – Salnés. Para a clasificación final reteranse e sumaranse os resultados destas catro probas, sen descontar ningunha delas.

En caso de empate na clasificación final, o campión será o piloto que máis vitorias posúa, se persiste o empate o que mais segundos postos e así sucesivamente. Se todavía segue o empate, resultaría vencedor o que se levase a vitoria na primeira proba da tempada (RallyMix da Sidra da Estrada).

## **9º Publicidade obligatoria**



# **II COPA RALLYMIX - PONTEVEDRA - ULLA - UMIA - SALNÉS**

Tódolos vehículos deberán levar un parasol traseiro, no parabrisas traseiro, na parte inferior co nome da Copa (2ª Copa RallyMix de Pontevedra Ulla – Umia – Salnés) e os logos das catro escuderías como se mostra na imaxe adxunta. Baixo ningún concepto estará permitido tapar a publicidade. Non se poderá recortar no ancho, e sí recortar e acoplar os laterais do vehículo, sen perxudicar en ningún caso, as publicidades.